

## **RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 6 DE XUÑO DE 2014**

### **3.- Proposta da Alcaldía relativa á delegación de competencias da Xunta de Goberno.**

Apróbase a proposta.

### **4.- Deseño, produción, montaxe e realización do espectáculo nocturno do 24 de xullo dentro das festas do Apóstolo 2014 da Cidade de Santiago de Compostela**

A XGL de hoxe aprobou o expediente de contratación dos Fogos do Apóstolo para a noite do 24 de xullo. Este contrato ten por obxecto a organización do tradicional espectáculo pirotécnico que inclúe o deseño, a produción, a montaxe, a realización e a execución do mesmo.

O importe de licitación para este ano é de 186.999,99 €. Hai que recordar que este contrato é só para o día 24 de xullo. Para os fogos pirotécnicos do 31 de xullo sacárase outro procedemento.

### **5.- Proposta de aprobación das bases reguladoras da "Convocatoria de subvencións a empresas privadas, para o financiamento de bolsas para o acceso a persoal especializado como vía de mellora da competitividade".**

O obxecto desta proposta aprobada pola XGL é o de levar a cabo un programa específico para a mellora da posición competitiva das empresas a través da utilización de persoal cualificado. Para estas subvencións dispórase dunha cantidade de 228.000 €. Neste caso trátase de incidir na capacidade das empresas para prestar servizos de forma máis eficiente e co obxecto de obter uns maiores resultados.

### **6.- Solicitude de subvención á Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia, de axudas e subvencións a Entidades Locais, para a promoción da igualdade, cofinanciadas polo Fondo Europeo (FSE), para o ano 2014.**

Para esta convocatoria a XGL aprobou solicitar subvencións para o Programa de promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e tratamento integral da violencia de xénero. Poderanse facer as seguintes accións:

-Actividade dirixidas á poboación infantil e xuvenil para favorecer a coeducación: orzamento, 5.000 €. Importe a subvencionar: 5.000 €

-De prevención e tratamento integral da violencia de xénero: orzamento, 4.820 €. Importe a subvencionar: 4.820 €

-Programa de fomento da conciliación: orzamento, 21.129,33 €. Importe a subvencionar: 9.129,33 €

-Programa de apoio aos centros de información ás mulleres, subvención postos de traballo: orzamento, 130.197,32 €. Importe a subvencionar: 60.000 €.

-Contratación persoal de atención psicolóxica: orzamento, 45.758,80 €. Importe a subvencionar: 14.000 €.

-Para a contratación de axente de igualdade: 37.739,12 €. Importe a subvencionar: 25.000 €.

A cuantía total da subvención solicitada é de 99.000 €.

### **7.- Devolución de fianzas.**

Apróbase a devolución.

### **8.- Aprobación definitiva de axudas para vivendas das áreas de rehabilitación integral de Vista Alegre, Pontepedriña e Casco Histórico.**

A XGL aprobou de forma definitiva as axudas para vivendas das áreas de rehabilitación integral de Vista Alegre, Pontepedriña e Casco Histórico incluídas na 6ª fase do Convenio entre o Instituto Galego de Vivenda e Solo, o Ministerio de Fomento e o Concello.

O importe das axudas é de 66.300,22 €, ao 50% entre o IGVS e o M<sup>2</sup> de Fomento.

**9.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica relativa a cambio de titularidade de axudas á rehabilitación.**

A XGL aprobou este cambio de titularidade nesta axuda en favor dos herdeiros polo falecemento da persoa á que fora concedida dita axuda no seu día. O importe da axuda é de 1.007,98 €.

**10.- Dar conta do cambio de denominación social dunha empresa.**

Dáse conta.

**11.- Proposta do concelleiro delegado de Cultura relativa a subvención nominativa á FUNDACIÓN GONZALO TORRENTE BALLESTER.**

A XGL aprobou non recoñecer o pago a esta fundación da subvención por importe de 21.000 € para o 2013 por non ter ao día as súas obrigas tributarias con Concello en relación ao IBI.

**12.- Proposta da concelleira delegada de Familia, Educación, Muller e Igualdade, Benestar Social e Maires, relativa á dación de contas de anticipo subvención SS Comunitarios, ano 2014.**

Deuse conta á XGL que a Consellería de Benestar ven de pagar o anticipo do 50% para o pago dos Servizos Básicos Comunitarios correspondentes ao ano 2013 por un importe de 58.891,66 €.

**13.- Proposta da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais, relativa á dación de conta da liquidación de ingreso do 1º trimestre do servizo de Axuda no Fogar para persoas dependentes.**

Deuse conta á XGL da liquidación de ingreso do 1º trimestre do servizo de Axuda no Fogar para persoas dependentes por un importe de 82.087,61 €.

**14.- Proposta do concelleiro delegado de xestión ordinaria de Servizos Básicos relativa á responsabilidade da empresa VIAQUA, xestora do servizo da EDAR de Silvouta.**

A vista do informe do sefe da sección de Medio Ambiente e da Xefatura de Contratación sobre deficiencias detectadas no funcionamento e mantemento de varios elementos da EDAR de Silvouta e dado que a empresa concesionaria desta instalación, VIAQUA, fixo caso omiso aos requirimentos feitos polo Concello, a XGL aprobou declarar a responsabilidade de VIAQUA de comisión dunha infracción recollida no Prego de cláusulas que rixe o funcionamento do servizo e que cualifica esta acción de falta grave, e impor a dita empresa a multa de 901,25 € segundo o referido no artigo 13 do referido Prego.

**15 a 39.- Proposta da concelleira delegada de facenda relativa a solicitudes de bonificación no imposto sobre bens inmobles, no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica.**

Apróbanse os devanditos beneficios fiscais.